



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 01 DE XUÑO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:05 horas do día 01 de xuño de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 30-05-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: Dna. María Jesús Lago Rey

Vocais:

Dna. Margarita Parajó Calvo
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez.
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Ignacio Ojea López (asiste ao apartado 2 a) e 3 a)).
Dna. María Gómez Janeiro (asiste ao apartado 4 a)).

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén.

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión de 04-05-2016.

Non se tratou este asunto porque non foron entregadas as actas.

b) Acta da sesión de 11-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron entregadas as actas.

c) Acta da sesión de 18-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron entregadas as actas.

d) Acta da sesión de 20-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron entregadas as actas

2.- Apertura de documentación administrativa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:17	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-C9425B-873H4F-UPCCNW-LCQJ63-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial da escola infantil municipal Santa Marta-Casco Vello. (expediente 17500-332).

Comprobase en primeiro lugar que:

- 1 .AURORA, PILAR Y ANA S L: declarou a solvencia económica financeira e técnica
- 2.CLECE S A : declarou a solvencia económica
- 3.ANA NAYA GARCIA S L: Declarou a solvencia económica financeira e técnica

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda admitir inicialmente no presente procedemento aos licitadores por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma.

Respecto da .UTE GESTION ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES a mesa por unanimidade acorda excluí-la oferta presentada xa que a UTE esta constituída para a execución dun contrato concreto e polo tanto carece de capacidade de obrar tal e como esixe a lexislación contractual e a cláusula 8 do PCAP.

b) Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de recadación e contabilidade.(expediente 7694-113).

Comprobase en primeiro lugar que T Systems S.A., acreditou a propiedade do código fonte das aplicacións que dan soporte a contabilidade SICAL e recadación (Gtwin). A Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda admitir inicialmente no presente procedemento ao licitador por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma

c) Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de estatística. (expediente 7695-113).

Comprobase en primeiro lugar que T Systems S.A., acreditou a propiedade do código fonte das aplicacións que dan soporte ao Padrón Municipal de Habitantes (Gtwin-Pob).A Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda admitir inicialmente no presente procedemento ao licitador por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma

3.- Apertura de documentación técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:17	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-C9425B-873H4F-UPCCNW-LCQJ63-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial da escola infantil municipal Santa Marta-Casco Vello. (expediente 17500-332).

Deixase pendente a apertura de ofertas ata unha nova sesión da Mesa de Contratación .

b) Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de recadación e contabilidade.(expediente 7694-113).

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica e oferta económica” das ofertas presentadas.

1.T. System: O prezo ofertado polos dous exercicios de mantemento é de 164.756,96 €, I.V.E. Incluído. Propón un Reduce o prezo hora da prestación de asistencia e asesoramento técnico de 87,50 € I.V.E. Incluído, e non oferta bolsa de horas o ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custe para o concello.

A oferta admitida pasa a informe do xervizo xestor.

c) Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de estatística. (expediente 7695-113).

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica e oferta económica” das ofertas presentadas. O resultado foi o seguinte:

1.T. System: O prezo ofertado polos dous exercicios de mantemento é de 58.460,65 €, I.V.E. Incluído. Propón un Reduce o prezo hora da prestación de asistencia e asesoramento técnico de 87,50 € I.V.E. Incluído, e non oferta bolsa de horas o ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custe para o concello.

A oferta admitida pasa a informe do xervizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:17	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-C9425B-873H4F-UPCCNW-LCQJ63-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.- Apertura de ofertas económicas.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de promoción e divulgación dos xacementos arqueolóxicos de o Castro e Toralla.. (expediente 7845-307).

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica e oferta económica” das ofertas presentadas. O resultado foi o seguinte:

	PREZO	INCREMENTO HORAS
ESTELA LOXISTICA	72.739,15 €	160
VAN DIVULGACION	71.059,20 €	60
ROSA PEREIRA	78.988,80 €	50

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

4.-Entrega dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Danza. (expediente 17499-332).

Faise entrega do informe do Técnico superior de Educación de 24-05-2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Música. (expediente 17497-332).

Faise entrega do informe do Técnico superior de Educación de 25-05-2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor.

c) Procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212).

Faise entrega do informe do xefe de Area de Seguridade de 31-05-2016 dos criterios de valorables mediante formula e clasificación de ofertas.

5-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:17	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-C9425B-873H4F-UPCCNW-LCQJ63-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Danza. (expediente 17499-332).

Acéptase o informe do Técnico superior de Educación de 24-05-2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Música. (expediente 17497-332).

Acéptase o informe do Técnico superior de Educación de 25-05-2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor.

c) Procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212).

Retírase o informe presentado para facer modificacións no mesmo.

6.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212).

Non se tratou este asunto xa que foi retirado no punto anterior

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:55 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

A Presidenta da Mesa

O Secretario



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:17	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-C9425B-873H4F-UPCCNW-LCQJ63-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Dna. María Jesús Lago Rey

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:17	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-C9425B-873H4F-UPCCNW-LCQJ63-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		